

DigiTalent 2030: Camiña en Dixital

Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento
Dixital en Galicia 2026/2027

15ª EDICIÓN

Programa “Tecnólog@ por un día” *Manual do profesional*



Benvido ao Programa “Tecnólog@ por un día” do Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital en Galicia

Obxectivo

Mellorar a visión que proxectan as profesións científico-tecnolóxicas e a percepción que os máis novos/as teñen delas, achegando aos/ás estudantes a realidade profesional da que formarán parte no futuro.



2 grupos de
idade

Presentar as vantaxes do ámbito tecnolóxico a través dunha experiencia real e práctica, potenciando e promovendo a adquisición de competencias dixitais e as habilidades que se requiren no mercado laboral actual.

12 a 14 anos
15 a 17 anos



1 Xornada

En que consiste?

Estudantes de 12 a 17 anos experimentarán en primeira persoa unha xornada laboral con profesionais voluntarios/as do sector participando nas distintas actividades que teña na axenda (participando en reunións, visitas a clientes tecnolóxicos, comida de traballo, etc.)



Como empresa colaboradora, neste manual poderás encontrar algunhas **consideracións importantes para facilitar a preparación e o desenvolvemento do programa** e contribuír a que a **experiencia sexa totalmente satisfactoria** tanto para os/as profesionais como para os alumnos e alumnas participantes.

Beneficios do programa para a túa empresa


- Mellora a visión das profesións TIC entre os máis novos/as, achegando o alumnado ao contexto e realidade profesional da que formarán parte no futuro.
- Aumenta a visibilidade da túa empresa proxectando o compromiso cara ao desenvolvemento do talento TIC en Galicia.
- Permite obter novas perspectivas das ideas dos/as estudantes para aplicar na túa empresa.
- Ofréceche a posibilidade de colaborar na creación dunha nova xeración de profesionais TIC.

O teu rol como profesional voluntario

Durante a xornada laboral, como profesional voluntario/a da empresa acollerás ao/á participante e acompañarase en todas as actividades que teñas programadas para ese día. A idea é mostrarlle un día de traballo no marco das profesións dixitais e converter ao/á estudante en protagonista das túas tarefas, co fin de espertar a súa curiosidade cara ás vocacións científico-tecnolóxicas.

As túas funcións como profesional voluntario/a serán:

- Trasladarás ao/á estudante unha visión do mundo laboral a través dun día típico de traballo, para que coñeza en primeira persoa a realidade empresarial das profesións dixitais.
- Reforzarás a imaxe dos/as profesionais vinculados ás TIC e contribuirás a atraelos cara a estas carreiras, actuando como embaixador/a das profesións tecnolóxicas.
- Contribuirás a resolver as dúbidas vocacionais e expectativas profesionais que os/as estudantes compartan durante a xornada.
- Porás en valor as oportunidades laborais que ofrecen as profesións dixitais na actualidade cara ao alumnado.




Aspectos a ter en conta antes da xornada

1. INSCRICIÓN DOS ALUMNOS E ALUMNAS

O programa está centralizado no espazo web tanto para a súa difusión como para a inscrición do alumnado.

Cada centro educativo, a través de persoal docente, realizará a solicitude de inscrición dos/as alumnos/as interesados/as na antedita web, onde se visibilizarán as prazas ofertadas. Unha vez asignada unha praza ao candidato/a, enviarase un correo electrónico á empresa colaboradora comunicando os datos dos/as alumnos/as que participarán no Programa "Tecnólogo@ por un día".

O programa desenvolverase segundo o seguinte esquema de traballo:



2. HORARIO E DATA

A data concreta e os horarios da actividade definiranse entre o alumnado participante e a organización/empresa no marco do período no que se atope activo o desenvolvemento da actividade, tendo en conta que cada profesional poderá recibir a un máximo de 3 alumnos/as.

3. DESPRAZAMENTOS

Os desprazamentos para chegar á organización/empresa correrán a cargo do/a alumno/a.

4. SEGURO E COMIDA

As empresas participantes faranse cargo dos gastos da comida e o seguro que cubra aos/ás estudantes ante posibles incidencias que poidan suceder durante o desenvolvemento da actividade.

Como podes crear unha experiencia única?

Este programa ofrece unha excelente oportunidade para dar a coñecer as posibilidades laborais que as profesións dixitais poden ofrecer aos máis novos/as para o seu futuro profesional. Así, para que a experiencia de participar no programa sexa memorable e útil para os/as estudantes ten en conta as seguintes consideracións:

- Procura que os/as participantes se sintan acollidos e ben recibidos.
- Non se trata dunha visita guiada pola empresa. O obxectivo principal do programa é que o alumnado coñeza de primeira man a realidade das profesións dixitais dunha maneira eminentemente práctica.
- Como profesional, debes dar a coñecer ao/á estudante os aspectos relevantes da túa empresa: a que se dedica, a que sector pertence, cales son os seus valores, etc.
- Preséntate de maneira profesional pero distendida e procura trasladar aos/ás participantes os aspectos máis relevantes da túa profesión, o teu perfil dentro da empresa ou as tarefas que desenvolves no día a día.
- Interésate polos seus *hobbies* e intereses vocacionais, e aproveita esta información para guiar a xornada e así dirixir mellor a experiencia en función das súas preferencias. Deste modo, conformarase un clima cómodo para que o/a alumno/a tamén formule preguntas e dúbidas.
- Facíltalle ao/á alumno/a a información que poida servirlle de utilidade ou podes mostrarlle o funcionamento de equipamento tecnolóxico para construír unha xornada amena e práctica.



O teu papel como profesional é fundamental para lograr que o programa "Tecnólog@ por un día" acade o maior impacto sobre os/as participantes

Suxestión de axenda e posibles actividades

A continuación, podes ver un exemplo dunha xornada de “*Tecnólog@ por un día*”, en todo caso as actividades adaptaranse ás características da túa profesión e á rutina diaria da empresa:

9:00 - 9:30AM – Benvida do/a alumno/a e presentación da empresa e do/a profesional voluntario/a

9:30 - 10:00AM – Breve recorrido polas instalacións

10:00AM - 14:00AM – Inicio da xornada laboral: realización das actividades programadas do/a profesional.

14:00 - 15:30PM – Comida de traballo

15:30 - 17:30PM – Continuación das actividades programadas do/a profesional

17:30 - 18:00PM – Reunión final, avaliación da xornada e comentarios finais.

Para enriquecer a experiencia, podes propiciar o contacto dos/as participantes con distintos departamentos así como con outros/as profesionais para que coñezan o conxunto da empresa e comparta momentos con varios perfís/categorías profesionais.

Actividades suxeridas:

- Reunións dentro da empresa para poder transmitir a habilidade de traballo en equipo e que os/as estudantes poidan coñecer a outros perfís da compañía.
- Visitas a socios/clientes tecnolóxicos para que experimenten a atención ao cliente, habilidades de negociación, etc. transmitíndolles previamente o obxecto do encontro e as metodoloxías de traballo.
- Recoméndase preparar e anticipar posibles cuestións a tratar durante a hora da comida para establecer diálogo ameno e fluído en torno a cuestións que reforcen a experiencia (vinculación do traballo coas carreiras universitarias, habilidades máis valoradas, etc.).

PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES

- **Quen pode participar?**

Calquera estudante, en bloques de idade de 12 a 14 e de 15 a 17 anos do curso escolar 2026/2027.

- **En que datas e horarios se desenvolve o programa?**

O programa desenvolverase entre o 09 de novembro e o 18 de decembro de 2026. A data e o horario concretos da xornada serán establecidos entre o/a alumno/a participante e a empresa colaboradora.

- **Quen inscribe ao alumnado?**

A solicitude de inscrición lévase a cabo polo persoal docente dos centros educativos no espazo de Tecnólog@ por un día da web DigiTalent, sempre que contén coa autorización dos pais/nais/titores legais do alumnado.

- **Como obtemos a información dos candidatos/as que participarán no programa para poñernos en contacto con eles?**

Cando o persoal docente realice a solicitude de inscrición dos candidatos/as no espazo web, e unha vez estean asignadas as prazas, enviarase un correo electrónico á empresa cos datos do/a participante. Posteriormente, a empresa porase en contacto co/a estudante a través do número de teléfono/email de contacto indicado no documento de autorización para concretar as datas e horarios segundo a súa dispoñibilidade.

Recoméndase trasladar por escrito ao alumno/a a localización, data e/ou horarios nos que se desenvolverá a xornada ou calquera outra información relevante sobre a mesma.

- **Podemos recibir a máis dun alumno/a o mesmo día?**

Si, segundo a dispoñibilidade da empresa e ata un máximo de 3 alumnos/as por profesional.

- **Canto dura a actividade?**

Normalmente os/as alumnos/as comparten unha xornada laboral (mañá e tarde). As horas concretas estipularanse entre o alumno/a e a empresa e dependerá da dispoñibilidade dos/das profesionais voluntarios/as.

PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES

- **Debemos preparar algunha documentación para o desenvolvemento da xornada?**

É recomendable organizar previamente a axenda para ese día e organizar todas as tarefas que se queren mostrar ao alumnado. Ademais, resulta conveniente preparar aos demais profesionais para que coñezan a actividade e así fagan participar aos/ás estudantes e elixir con anticipación as áreas da organización implicadas na actividade para que a xornada teña fluidez e potencie a experiencia do alumno/a.

- **Supón algún coste para a empresa?**

A empresa colaboradora farase cargo da comida e do seguro do alumno ou alumna participante no programa, que cubrirá as incidencias que poidan suceder durante o desenvolvemento da actividade.

Pola súa banda, o alumnado terá que facerse cargo do desprazamento ata o lugar que estableza coa empresa para o desenvolvemento da xornada.

- **Podemos facer fotos aos alumnos/as nas nosas instalacións durante a xornada?**

Se a empresa colaboradora está interesada en captar imaxes dos/as menores para actuacións de difusión propias, é necesario que contén coa correspondente autorización. Porase a disposición das entidades participantes no programa un modelo de autorización que poden cubrir cos datos da súa empresa e enviar aos participantes coa suficiente antelación para que o entreguen asinado por parte dos pais/nais/titores legais o día que acudan á xornada.

Para trasladar calquera aclaración ou consulta adicional podes utilizar o seguinte correo electrónico:

digitalent@xunta.gal

**Impulsando o
talento tecnolóxico
en Galicia**

GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN



